

CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIA DO PLENO	
Data	11 ABR. 2018
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 115

PREGUNTA ORAL SOBRE AS PREVISIÓNS DO GOBERNO EN RELACIÓN CO CONTRATO PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DOS EDIFICIO E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


A prestación do servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela foi adxudicado en maio de 2014, por un importe de 954.351 euros (posteriormente ampliado a 1.054.158 euros) e un período inicial de dous anos que venceu o pasado 31 de maio de 2016.

Desde maio de 2016, a Xunta de Goberno local acordou un total de cinco prórrogas: a primeira por un período de tres meses, que vencería en agosto de 2016; a segunda, por outros tres meses, ata novembro de 2016; a terceira, por seis meses, ata maio de 2017; a cuarta, por outros seis meses, ata novembro de 2017; e a quinta, por outros seis meses, que rematan no vindeiro mes de maio.

Á vista de que a normativa impide prolongar a prórroga do contrato máis alá dos dous anos e que, polo tanto, a partir do 31 de maio a empresa contratada non poderá continuar a prestar o servizo, formulamos a seguinte pregunta:

Que previsións manexa o Goberno para asegurar a continuidade na prestación do servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela, cuxa derradeira prórroga remata no vindeiro mes de maio?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018



Alejandro Sánchez Brunete
Concelleiro do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela